

## BASES CONCURSO FOTOGRÁFICO:

### “A COVID e o MEDIOAMBIENTE. Un cambio nas nosas vidas.”

OS INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA ESCOLAS PROVAL E O VAL MIÑOR convocan O PRIMEIRO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA, no marco do Proxecto de Innovación de FP no que participan ambos centros.

O obxectivo deste concurso é que, mediante a imaxe e a súa reflexión, se fomente a participación do alumnado; que este teña o bo gusto de captar a implicación dos centros educativos, na procura de solucións para afrontar a pandemia (que ten modificado a vida nos nosos centros) e a pegada que esta pode deixar no medio natural.

#### BASES:

- 1) PARTICIPANTES: Poderá participar no concurso o alumnado do IES Escolas Proval e do IES Val Miñor matriculados no curso 2020/2021. Niveis: 1º a 4º ESO, 1º e 2º BACH e CICLOS FORMATIVOS.
- 2) TEMÁTICA: A covid e o CO2. Un cambio nas nosas vidas. *”Imaxes dos nosos centros educativos e a súa contorna nas que se reflectan as medidas adoptadas e a actitude amosada polo persoal dos centros ante a pandemia e do seu impacto no medio.”*
- 3) PRESENTACIÓN: As fotos deben ser subidas ao curso creado na AULA VIRTUAL DE CADA UN DOS INSTITUTOS, cun alcume e o seu título, do seguinte xeito: “Alcume\_TÍTULO. Cada alumna ou alumno poderá presentar un máximo de 2 fotos. Na urna que haberá en SECRETARIA debes depositar un sobre branco pechado. Fóra debe levar escrito o mesmo alcume e título da foto e no seu interior unha folla onde apareza o voso nome, apelidos, curso, título da obra e o alcume de novo. Debes presentar sobre por foto.
- 4) PRAZO DE ADMISIÓN: luns 24 de maio até o 14 de xuño de 2021
- 5) CARACTERÍSTICAS DAS FOTOS:
  - Deben ser orixinais do alumnado participante e deben recoller algún espazo ou actitude desenvolvida no propio centro.
  - Poderán ser tomadas con móbil ou cámara.
  - Poden ser a cor, en branco e negro ou sepia.
  - As fotos deben ser enviadas en formato .jpg e cunha resolución non inferior a 1024 x 768 pixels.

- 6) O XURADO:
- O xurado, que valorará a calidade e orixinalidade das fotos presentadas, estará formado por 3 profesores/as de cada un dos centros participantes.
  - O fallo do xurado será publicado o venres, 18 de xuño de 2021.
  - Os premios serán entregados nun dos recreos do luns, 21 de xuño de 2021 no marco das actividades de final de curso.
  - O fallo do xurado é inapelable e poderá declarar desertos os premios cando ao seu xuízo as obras presentadas non acaden a calidade necesaria.
- 7) PREMIOS: Entregaranse 3 premios para cada centro.
- 1º premio: 150 nun cheque para material informático
  - 2º premio: 100 nun cheque para material informático
  - 3º premio: 50 euros nun cheque para material informático
- 8) As fotos premiadas serán publicadas nas webs dos respectivos centros e nas súas redes sociais. Os participantes no Concurso quedan informados e autorizan que as súas imaxes e os datos proporcionados sexan empregados con esa finalidade.
- 9) TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS: As imaxes participantes serán almacenadas na aula virtual de cada un dos centros. O tratamento dos datos persoais do alumnado participante é o mesmo que se require para o uso cotiá da Aula Virtual, polo que non se establece ningunha disposición especial ao respecto.
- 10) ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación neste concurso implica a aceptación de todas e cada unha destas bases e o fallo inapelable do xurado.

Animádevos a participar!

Nigrán, 24 de maio de 2021